

FANTASÍAS DUN ESCRITOR

939

Arnaud Desplechin, 2021

ESTREA EN NUMAX: 03.06.2022 | V.O.S.E. | +18 | 105 min.

Londres, 1987. Philip é un famoso escritor estadounidense que vive exiliado en Londres. A súa amante acode regularmente a velo ao seu estudio, un refuxio para os dous amantes. Aquí fan o amor, discuten, reconcílianse e falan durante horas: das mulleres da súa vida, do sexo, do antisemitismo, da literatura, de ser fiel a un mesmo...

«Desplechin executa un filme de ton menor que funciona como resumo do seu mundo baixo o espello da literatura de Roth»

Àngel Quintana, CAIMÁN



Entrevista con Arnaud Desplechin: «O despacho do escritor é a utopía da psicanálise»

O estudio do escritor protagonista anima á escoita e á liberdade de expresión, como a dun psicanalista... O estudio é o corazón do filme. Había unha dificultade: como poñer en escena os fragmentos do diálogo de Roth sen aburrir o espectador? Como conseguir que este texto, que semella circular, se convirta nunha novela, prenda e cada palabra acade o seu peso? A posta en escena era necesaria e o esforzo que supuxo encantoume. Ningún dos personaxes de *Fantasías dun escritor* está no seu lugar. O único que atopou o seu lugar é o escritor, no seu despacho, cando escribe ou escoita... Pero ese lugar ten un prezo: a soidade e unha certa austeridade. *Fantasías dun escritor* conta a historia de persoas que se senten fóra de lugar; este home escóitaa e transcribe as súas palabras.

O seu filme está ambientado nos 80 en Inglaterra e está rodado en francés. Comeza nun teatro e logo se traslada a escenarios naturais de diferentes países. Coma se polo seu propio mecanismo nos convidara a cruzar as fronteiras... O texto é un eloxio do exilio. Nel volví atopar a miña fascinación pola Europa do Leste. Medrei nunha Europa dividida en dous e non o quero esquecer. Todos vivimos en mundos moi diferentes e separados. Pero ás veces podemos fuxir e pasar dun mundo a outro. O despacho do escritor é a utopía da psicanálise: poder capturarse a si propio onde queira que un viva. Philip elixiu este exilio. Elóxiao, mentres que os demais personaxes, que están exiliados da súa patria ou de si propios, o viven con dor. O encantador e o erótico é que o discurso se constrúe sobre unha diferenza alegremente irreductible. E o interesante é o movemento que facemos entre os dous mundos, o que vivimos e ao que aspiramos.

As mulleres son as raíñas do filme. O que me encanta desta historia é que o autor se borra ante a súa heroína. O que me sorprendeu cando descubrín a novela de Philip Roth foi a aguda atención do escritor á voz de cada muller. Unha atención que sería descoidada por outros escritores. Onde outros terían pedido que a muller mostrase a súa excelencia, Philip acolle cada palabra da súa amante como un tesouro. Un marido infiel, problemas de diñeiro, un bulto no útero... Esta modesta atención ao íntimo, á máis leve ferida, conmoveume profundamente.

A novela de Philip Roth ségueno desde hai trinta anos. Por que a adapta hoxe finalmente? Lina primeiro en francés e logo en inglés. Recordo que llela agasallei ás miñas colaboradoras cando preparamos *Comment je me suis disputé... (ma vie sexuelle)* [1996]. Moito máis tarde empreguei o texto nos extras do DVD de *Reis e Raíña* (2004) no que interpretei a escena final con Emmanuelle Devos. Roth viu o extra e chamoume unha noite. Fiquei petrificado ao escoitar a este grande home en persoa. Fixen varios intentos pero non me convencía o resultado. Durante a corentena algo en min se desbloqueou. Pecheime no meu despacho como o personaxe de Philip. Sentime moi feliz de traballar así e a ansia de liberdade dos personaxes acadou unha resonancia diferente.

Non é este filme tamén un canto de amor aos actores? De novo é un acto de fe. Penso en Jean Douchet, que dicía que había moitas ferramentas para dirixir un filme pero a máis valiosa era a dirección de actores. Para cada filme, quixen desaparecer, para que só os vexamos a eles. Con cada un vivín este momento milagroso no que xa non se sabe quen dirixe e quen actúa...